

Santiago de Compostela

Quincena da paz, a convivencia e a solidariedade

IX FORO DE ONG



CONCELLO DE
SANTIAGO

Concelaría de Educación

EDITA

Concellaría de Educación
Concello de Santiago de Compostela

PARTICIPANTES

■ Amarante	6
■ Amigos da Terra Galicia Xuventude	8
■ Arquitectos Sen Fronteiras	9
■ Asemblea de Cooperación Pola Paz	10
■ Axuda en Acción	12
■ Bicis pola Paz	13
■ Cáritas	14
■ Cova da Terra	15
■ Coopera	17
■ Coordinadora Galega de ONGD	18
■ Cruz Vermella	19
■ Educación sen Fronteiras	20
■ Entreculturas – Fe e Alegría	21
■ Enxeñería Sen Fronteiras	23
■ Farmacéuticos Mundi	24
■ Foro de Inmigración	27
■ Fundación Ropka	28
■ Galicia Paz y Desarrollo	29
■ Implicad@s no desenvolvemento	30
■ InteRed Galicia	31
■ Intermón Oxfam	32
■ Jóvenes del Tercer Mundo	35
■ Mans Unidas	36
■ Médicos do Mundo Galicia	37
■ Médicos Sen Fronteiras	38
■ Mi Perú	39
■ Panxea Asociación de Comercio Xusto	40
■ Seminario Galego de Educación para a Paz	41
■ Terra de Homes	42

O problema da paz preocupa moi seriamente a sectores cada vez máis amplos da sociedade, sobre todo, cando se escoitan novas ameazas de guerra ás que se engaden os innumerábeis conflitos bélicos aínda hoxe non resoltos.

Aínda que así non o quixésemos, non hai ano no que a violencia, as discriminacións, as catástrofes naturais ou a pobreza non teñan presenza nestas datas para nos lembrar a necesidade de seguir promovendo unha cultura de paz, de convivencia e de solidariedade. Esta cultura debe ser impulsada desde a educación, formal e non formal, e desde todos os poderes públicos, para que toda a cidadanía, comezando polos máis novos, participe na construción dun novo proxecto de convivencia mundial, e dunha Compostela como cidade de encontro e convivencia de diferentes culturas.

As Organizacións Non Governamentais supoñen un elemento fundamental na comprensión e loita contra a violencia exercida en moitos países do mundo. O territorio de acción destas organizacións é plural e diverso. No caso galego, podemos aproximarnos á súa realidade, a través da Coordinadora Galega de ONG para o desenvolvemento, co obxectivo de dar a coñecer á cidadanía galega o traballo que realizan os colectivos integrados, pero tamén hai outros axentes da cooperación que non pertencen a este organismo e que tamén son referentes de solidariedade neste traballo de cooperación e axuda ao desenvolvemento.

Cada ano, o Departamento de Educación e Xuventude do Concello de Santiago de Compostela, a Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento, así como outros colectivos, coincidindo co 30 de xaneiro, Día Mundial pola Paz, celebramos o Foro de Encontro das ONG e a Quincena da Paz, a Convivencia e a Solidariedade que inclúe diversas actividades para a comunidade educativa compostelá.

GUADALUPE RODRÍGUEZ
Concelleira de Educación

IX FORO DE ONG

SÁBADO, 26 DE XANEIRO 2008

C.C Área Central

O sábado 26 de xaneiro de 2008 celébrase o IX Foro das Organizacións Non Governamentais (ONG) que, instaladas no Centro Comercial Área Central, expoñerán e darán a coñecer á cidadanía compostelá os seus materiais didácticos, proxectos e produtos de comercio xusto entre outras iniciativas.

PROGRAMA

- 11 h. Apertura do espazo solidario: zona de presentación de experiencias e postos informativos
- 12.15 h. Representación teatral "Vicentinho e as árbores da paz", a cargo do colectivo TOUPORROUTOU
Obradoiro de elaboración "Atrapasoños"
- 12.30 h. Chocolate solidario. Colabora: Panxea Asociación de Comercio Xusto
- 13 h. Concerto da Banda Municipal de Música de Santiago
- 13.30 h. Lectura do Manifesto pola Paz e acto institucional
- 18.30 h. Contacontos solidarios, a cargo do colectivo Bicis pola Paz
Obradoiro de elaboración "Atrapasoños"
- 20 h. Clausura das actividades

QUINCENA DA PAZ, A CONVIVENCIA E A SOLIDARIEDADE

ORGANIZACIÓNS QUE PARTICIPAN NAS ACTIVIDADES E DESENVOLVEN PROGRAMAS OU ACTIVIDADES EDUCATIVAS



Todas as actividades incluídas neste programa recollen as propostas enviadas por cada colectivo para elaborar este documento informativo. Os custes derivados de cada actividade, que son orientativos, poderán ser sufragados polos centros de ensino ou polo Departamento de Educación e Xuventude, dependendo da cantidade de actividades solicitadas, e de acordo co orzamento destinado para esta proposta.

AMARANTE

SEDE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Avenida Romero Donallo, 19

15706 Santiago de Compostela

Tfno.: 881 978 705

Páxina web: <http://www.amaranteong.org>

Correo electrónico: compostela@amaranteong.org



Amarante é unha organización galega de cooperación para o ecodesenvolvemento. O seu propósito é contribuír, coa implicación da cidadanía galega, á construción dunhas novas relacións Norte-Sur máis xustas, equitativas e igualitarias mediante a presión política, a educación para o desenvolvemento, o fomento do consumo responsable e do comercio xusto, e a realización de proxectos de cooperación para o desenvolvemento destinados a combater as causas estruturais da pobreza e favorecer a autoorganización e empoderamento das comunidades e colectivos sociais máis empobrecidos do Sur.

6



Amarante ten sedes en Santiago, Pontevedra e Vigo nas que contamos con tendas de comercio xusto e centros de recursos para exposicións, conferencias e préstamo de libros.

OS CAMPOS DE TRABAJO DE AMARANTE SON

- **EDUCACIÓN PARA O ECODESENVOLVEMENTO:** formar e informar sobre a realidade do Sur con campañas, exposicións, cursos, etc. onde organizamos campos solidarios dentro do programa “Galicia con Vistas ao Sur”.
- **COMERCIO XUSTO, CONSUMO RESPONSABLE:** promovemos o consumo responsable a través da sensibilización, presión política e de denuncia con programas como o “Bo Café” ou a “Campaña Roupa Limpa Internacional”, centrado na esixencia de transparencia e compromisos sociais ás multinacionais galegas do téxtil.
- **COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO:** traballamos con organizacións a longo prazo vencelladas co empoderamento das comunidades do Sur en países como Brasil, Mozambique ou Ecuador.



AMIGOS DA TERRA GALICIA

XUVENTUDE

SEDE EN GALICIA

Rúa Curros Enríquez, 19-1º interior

32003 Ourense

Tfno.: 988 374 318 Fax: 988 511 020

Páxina web: <http://www.amigosdaterra.net>

Correo electrónico: info@amigosdaterra.net



**Amigos
da Terra**

Os nosos obxectivos:

- Protexer o medio ambiente, entendido no máis amplo senso.
- Defender os intereses xerais dos consumidores e usuarios.
- Promover alternativas baseadas no desenvolvemento sostible.
- Mellorar a calidade de vida das comunidades humanas en tódalas súas facetas.
- Promover a educación integral a tódolos niveis e en tódolos ámbitos, incluíndo de forma destacada a promoción de actitudes positivas e activas de cara ao medio e á igualdade entre os sexos e actitudes pacifistas.
- Promover o asociacionismo infantil e xuvenil.

8

O noso traballo baséase na educación ambiental en diferentes temáticas como cambio climático, residuos, consumo responsable, conservación e usos da terra e a cooperación ao desenvolvemento.



ARQUITECTOS SEN FRONTEIRAS

DELEGACIÓN DE GALICIA

ETS de Arquitectura

Campus da Zapateira, s/n

15071 A Coruña

Tfno.: 630 990 493

Páxina web: <http://www.asfes.org>

Correo electrónico: asfes@coag.es



Arquitectos sen Fronteiras é unha organización non gobernamental, de cooperación para o desenvolvemento e sen ánimo de lucro. Ten por obxectivo transformar as inxustas relacións norte-sur existentes na actualidade.

Apoiamos á poboación máis desfavorecida traballando conxuntamente con organizacións do Terceiro Mundo, desenvolvendo proxectos integrais, no eido da planificación e a proxectación arquitectónicas, a edificación, o urbanismo, a ordenación do territorio e do medio ambiente. Promovemos un desenvolvemento local non dependente, participativo e sostible. Denunciamos as situacións de infravenda, a discriminación e os desaloxos que vulneran o dereito das persoas a vivir nun espazo digno.

9



ASEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ

SEDE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa do Hórreo, 22-1ºE

15702 Santiago de Compostela

Tfno.: 881 977 339

Páxina web: <http://www.acpp.com>

Correo electrónico: galicia@acpp.com



Asamblea de
Cooperación
por la Paz

Asamblea de Cooperación Pola Paz é unha ONGD sen ánimo de lucro, laica, independente e defensora dos valores democráticos dende una opción de xustiza social e económica. Dende o seu nacemento en 1990, aposta firmemente polo pacifismo, a tolerancia e o diálogo. Apoiamos a sociedade civil, democrática e progresista dos países do sur xerando organización local, fomentando a participación cidadá e a busca de alternativas para conseguir sociedades máis xustas e máis democráticas, onde os beneficios do desenvolvemento se redistribúan máis equitativamente, dando o protagonismo aos axentes locais.



RECURSOS DIDÁCTICOS DISPONIBLES

■ EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA “A MULLER INVISIBLE”

Trátase dunha exposición fotográfica que aborda o traballo de ACPP en Senegal a través do eixo do xénero.

Consta dos seguintes elementos:

Unha lona de presentación de 2 m X 2.5 m

Un panel grande explicativo con datos de Senegal, La Casamance e o traballo da ACPP en Senegal.

Un panel pequeno co rol da muller en Senegal.

12 paneis con fotografías (29 fotos), cada panel con un texto explicativo de contextualización.

Unha voz en off vai guiando a visita. Trátase do día a día narrado por dúas voces de muller, unha española e outra senegalesa.

Destinatarios: poboación en xeral

Orzamento: 425 Euros

■ DISTRIBUCIÓN DE MATERIAIS EDUCATIVOS NOS CENTROS DE ENSINO, previa solicitude



DELEGACIÓN EN GALICIA

Avda. General SanJurjo, 64-baixo esquerda

15006 A Coruña

Tfno.: 981 133 737 Fax: 981 133 736

Páxina web: <http://www.ayudaenaccion.org>

Correo electrónico: informacion@galicia.ayudaenaccion.org



Ayuda en Acción é unha Organización Non Governamental de Desenvolvemento (ONGD) independente, aconfesional e apartidista que ten como obxectivo principal mellorar as condicións de vida dos nenos e nenas, das familias e das comunidades dos países máis desfavorecidos de América, Asia e África.

Actualmente, estamos presentes en 19 países de tres continentes. En América, traballamos en Bolivia, Ecuador, O Salvador, Honduras, México, Nicaragua, Perú, Colombia e Paraguai. En África, en Etiopía, Kenia, Malawi, Mozambique e Uganda. En Asia, a nosa actividade concéntrase na India, Nepal, Paquistán, Bangladesh e Vietnam.

12

En todas estas zonas, identificamos espazos de intervención onde, xunto coas comunidades, traballamos a longo prazo en proxectos que duran de dez a quince anos, tratando de atallar as causas estruturais da pobreza e apoiando o fortalecemento dos vínculos e a solidariedade comunitaria. Asimesmo, nas zonas nas que traballamos realizamos labores de asistencia técnica e económica en situacións de emerxencia, motivadas por unha catástrofe natural, un conflito bélico ou calquer outro desastre humanitario que teñan que afrontar as poboacións.

En España, contamos cun sólido equipo de profesionais comprometidos na construción dun mundo máis xusto e coa colaboración de máis de 1.200 voluntarios que traballan en tarefas solidarias en tódalas Comunidades Autónomas.

SEDE EN LUGO

Avenida de Portugal, 16

27500 Chantada – Lugo

Tfno.: 982 162 582 Fax: 982 440 368

Páxina web: <http://www.contosolidarios.org>

Correo electrónico: carballoconbotas@hotmail.com



- Bicis pola Paz promove, dende 1990, o transporte ecolóxico como xeito de desenvolvemento perdurábel a través da doazón de bicicletas, para facilitar o desprazamento de axentes sociais que, debido á falta de infraestruturas viarias e doutros medios de transporte, ven minguada a calidade do seu traballo.
- Bicis pola paz traballa na educación para o desenvolvemento a través do programa Contos solidarios, en colaboración coa Asociación de Educación Ambiental Papaventos, en máis de 270 concellos.
- As actividades de Bicis pola Paz na área de cooperación ao desenvolvemento céntranse na doazón de bicicletas para o transporte de persoal médico e de enfermería, educadores/as, veterinarios/as, entre outros, en máis de 23 países.

13

RECURSOS DIDÁCTICOS DISPONIBLES

- **CONTACONTOS SOLIDARIOS.** "Historias das árbores atrapadoras de contos solidarios" con Anxo Moure.

Destinatarios: centros de Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

Datas: concretaranse cos centros de ensino.

Lugar de realización: centros escolares.

Duración das sesións: 30 minutos.



CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE SANTIAGO

SEDE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Hospitaliño, 2-bis
15704 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 552 140 Fax: 981 563 085
Correo electrónico: caritasdesantiago@hotmail.com



Cáritas Interparroquial de Santiago é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo básico a atención integral e a promoción humana e social das persoas que, por diferentes problemáticas, se atopan en situación de desamparo, marxinação ou exclusión.

Para desenvolver o seu labor conta cos departamentos de atención primaria, emprego, inmigrantes, colonias, VIH-Sida, así coma cos centros Vieiro (centro de día para persoas sen fogar e drogodependentes) e o centro Abeiro (de atención a familias monoparentais).



Rúa Nóreas, 12-baixo

27001 Lugo

Tfno.: 982 230 211

Páxina web: <http://www.covadaterra.org>

Correo electrónico: educacion@covadaterra.org



A Cova da Terra é unha ONGD que traballa desde 1995 no eido do comercio xusto, vendendo produtos das cooperativas de países empobrecidos e sensibilizando e formando ás/aos consumidoras/es do noso contorno máis próximo.

Desde o comezo un dos obxectivos prioritarios é o de crear conciencia crítica en toda a poboación en xeral sobre o abismo que hoxe en día separa a uns poucos países e persoas do resto, asumir a responsabilidade que temos niso, para levar a cabo accións que posibiliten o camiño cara a situacións e relacións de xustiza e igualdade entre pobos e persoas.

Os nosos obxectivos son difundir o comercio xusto, o consumo reponsable e a economía solidaria; denunciar os abusos cometidos sobre os pequenos produtores e formar no consumo consciente á cidadanía.

RECURSOS DIDÁCTICOS DISPONIBLES

■ EXPOSICIÓNS PARA PRÉSTAMO

- NON TE COMAS O MUNDO. Soberanía alimentaria, outra economía posible, etc. 9 posters en lona.
- COMERCIO XUSTO. Explica de forma visual os principais problemas derivados da economía mundial. 11 paneis en cartón pluma.
- O COMERCIO XUSTO É... Dirixida a escolares de Educación Secundaria. 8 posters en lona.

■ MALETA DIDÁCTICA "COMERCIO XUSTO E CONSUMO RESPONSABLE"

Realizada por A Cova da Terra e que foi actualizada, completada e reelaborada en formato de CD.

- Libro informativo sobre os temas tratados na maleta didáctica. Ofrece unha boa introdución aos temas de comercio xusto e consumo responsable para os educadores. Inclúe bibliografía e webgrafía de interese para ampliar a información.

- Carpeta con unidades didácticas organizadas por niveis educativos. Presenta guións para sesións formativas con dinámicas.
- Dossier anexo con numerosos artigos, mapas, gráficos, textos e outros documentos.
- DVD con varios documentais sobre consumo elaborados por Ecologistas en Acción (Campaña Consume Hasta Morir) especialmente adecuados para tratar con rapaces temas como a publicidade, o consumismo, etc.
- CD ROM con presentación en power-point sobre comercio xusto, resumido dun xeito claro e ameno.

Destinatarios: centros de Educación Secundaria

A Cova da Terra, ademais, pon á vosa disposición estes outros servizos:

- Centro de documentación, información e formación sobre cooperación ó desenvolvemento KANDAHARIA. Centro de recursos onde atopar información e formación sobre temas concretos que non se atopan de forma doada nos centros de divulgación habituais.



SEDE EN PONTEVEDRA

Avenida Cruceiro, 22

36990 Vilalonga – Pontevedra

Tfno.: 651 177 193

Páxina web: <http://www.coopera.cc>

Correo electrónico: galicia@coopera.cc



COOPERA-Jóvenes para la Cooperación Internacional al Desarrollo é unha organización sen ánimo de lucro, adicada á cooperación ao desenvolvemento económico e social dos países en vías de desenvolvemento, en África e Iberoamérica.

Executa proxectos de cooperación que procuren a promoción social e defendan as poboacións máis marxinadas e desprotexidas: infancia, mocidade, mulleres...

Proxectos asistenciais sociais prioritarios:

- 1) Educación e formación infantil e xuvenil
- 2) Sanidade e medicina preventiva e paliativa asistencial
- 3) Microempresas

Asimesmo, promóvense accións e campañas de sensibilización social e xuvenil para a cooperación ao desenvolvemento, intercambios culturais da mocidade, campos de traballo, formación e envío de voluntarios e cooperantes a países en vías de desenvolvemento, programa de apadriñamentos...



COORDINADORA GALEGA DE ONGS PARA O DESENVOLVEMENTO

SEDE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa Basquiños, 33-1ªA

15704 Santiago de Compostela

Tfno./Fax: 981 585 189

Páxina web: <http://www.galiciasolidaria.org>

Correo electrónico 1: coordinadora@galiciasolidaria.org

Correo electrónico 2: coordinadora_1@galiciasolidaria.org



Coordinadora
Galega de ONGs para
o Desenvolvemento

A Coordinadora Galega de ONGD é unha federación de ONGD que agrupa a un total de 44 organizacións que traballan no ámbito da cooperación ao desenvolvemento, a axuda humanitaria e de emerxencia, a sensibilización e a presión política.

Naceu no 1991, e está integrada na Coordinadora de ONGDs-España desde abril de 2002, como membro de pleno dereito.

Un dos obxectivos da Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento é dar a coñecer á cidadanía galega o traballo das ONGDs con presenza na nosa comunidade, así como prestar todo tipo de servizos (de información, asesoramento, formación, apoio técnico,...) ás organizacións que a integran.

Por outra banda, exerce como representante do sector ante as administracións e outros axentes e realiza unha constante presión política.

18



SEDE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA
Avenida de Lugo, s/n
15703 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 586 969 Fax: 981 591 818
Páxina web: <http://www.cruzroja.es>
Correo electrónico: santiago@cruzroja.es



RECURSOS DIDÁCTICOS DISPONIBLES

■ EXPOSICIÓN “SEN TEITO”

Comprende un conxunto de fotografías e textos nos que se expón e relata a problemática e as necesidades deste colectivo en risco de exclusión. Como complemento desta exposición, organízanse charlas de sensibilización e información, así como a posibilidade de crear unha mesa redonda de intercambio de opinións.

■ MATERIAL DIDÁCTICO “NA PROCURA DE ÁFRICA”

Elaborado polo voluntariado desta organización e dirixido a escolares de educación secundaria co obxectivo de dar a coñecer a enorme diversidade e riqueza que hai neste continente, no que Cruz Vermella centra gran parte dos seus esforzos en cooperación internacional.



SEDE EN GALICIA

Rúa Marqués de Valladares 14-1º ofic 4

36201 Vigo

Tfno: 986 44 28 35

Páxina web:<http://www.educacionsinfronteras.org>

Correo electrónico: esfgalicia@educacionsinfronteras.org



EDUCACIÓN SIN FRONTERAS

Educación Sen Fronteiras é unha ONGD sen ánimo de lucro que reúne a persoas cunha convicción común: Cremos que a Educación é un Dereito fundamental de todas as persoas e un factor esencial do benestar humano. E apostamos por un modelo integral, participativo e comunitario. Cremos na educación como vehículo vital de desenvolvemento, cara a un mundo que xere relacións de igualdade entre as persoas e os pobos. Apostamos por unha educación pública, de calidade, transformadora, integral, participativa e comunitaria. Motor para a transformación e desenvolvemento persoal e comunitario, cara a un tipo de relacións equitativas, non discriminatorias e que leven á construción da democracia e a paz.

RECURSOS DIDÁCTICOS DISPONIBLES

20

■ CAMPAÑA MUNDIAL POLA EDUCACIÓN

É unha coalición internacional de ONG, sindicatos do mundo educativo, centros escolares, e movementos sociais de todo tipo comprometidos co Dereito á Educación. Esta coalición nace en 1999, co fin de esixir e responsabilizar aos gobernos do acceso e goce do dereito á educación de todas e todos, reflectido en practicamente todas as declaracións, foros e cumes internacionais ata a data.

■ PROGRAMA DE CENTROS: EDUCAR PARA A PAZ EN ESCOLAS SOLIDARIAS

Este programa pretende a creación dunha rede de centros educativos de asociados á Educación Sen Fronteiras para que conxuntamente desenvolvan actividades de educación nunha cultura de paz e formación nos valores inherentes a esta materia.

■ EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN: OS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO DO MILENIO (ODM)

Esta proposta pretende contribuir ao desenvolvemento dunha poboación xuvenil solidaria e comprometida cos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

■ DISTRIBUCIÓN DE MATERIAIS EDUCATIVOS NOS CENTROS ESCOLARES, (CADERNOS SOLIDARIOS), previa solicitude

SEDE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Virxe da Cerca, 31
15703 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 581 409
Páxina web: <http://www.entreculturas.org>
Correo electrónico: santiago@entreculturas.org



Entreculturas é unha ONGD promovida polos xesuítas que defende o acceso á educación dos máis desfavorecidos, como medio de cambio social, xustiza e diálogo entre culturas.

Apoiamos proxectos que promoven a educación nas poboacións máis desfavorecidas de América Latina, África e Asia. Queremos que a educación chegue ao maior número de persoas, pero tamén que a súa calidade sexa cada vez mellor e que vaia dirixida á transformación social.

Realizamos campañas educativas, de comunicación e investigación co obxectivo de que a sociedade considere a educación de todas as persoas como un elemento transformador indispensable para o desenvolvemento dos pobos. Tamén realizamos campañas de incidencia pública para lograr que os gobernos asuman os seus compromisos internacionais en favor dun mundo máis xusto.

RECURSOS DIDÁCTICOS DISPONIBLES

- **DISTRIBUCIÓN DE MATERIAIS EDUCATIVOS NOS CENTROS DE ENSINO,** previa solicitude
 - *Campaña educativa Igual-Da.* Materiais educativos para traballar a inclusión e a equidade. Edita: Entreculturas. Niveis: Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos. Gratuitos
 - *DVD Kalz&Pin.* Historias con monicreques que abordan valores como a paz, a solidariedade, a amizade e a sinceridade. Niveis: Primaria (segundo ciclo). Duración: 24 minutos.
 - *DVD Presentación Entreculturas.* Video que presenta dun xeito dinámico o labor de Entreculturas nos países de América Latina. Duración: 5 minutos aprox.
 - *DVD ¿Igual-Da?.* Vídeo presentación da campaña educativa de entreculturas do mesmo nome. Fai un chamamento á implicación cos obxectivos do milenio. Duración: 3,32. Destinatarios: poboación xeral.



ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS

SEDE EN GALICIA

ETSI de Camiños, Canais e Portos

Campus de Elviña, s/n

15071 A Coruña

Tfno.: 981 100 700 Extensión 1479

Páxina web: <http://www.galicia.isf.es>

Correo electrónico: compostela@galicia.isf.es



Enxeñería sen Fronteiras é unha organización non governamental para o desenvolvemento que busca por a tecnoloxía ao servizo do desenvolvemento. As nosas liñas de traballo son: proxectos, educación e investigación para o desenvolvemento e incidencia.



SEDE EN GALICIA

Rúa Costa da Palloza

Edificio Torre Esmeralda, 3-3º dereita. Local 4

15190 A Coruña

Tfno.: 981 130 608

Páxina web: <http://www.farmamundi.org>

Correo electrónico: galicia@farmamundi.org



Farmacéuticos Mundi defende o dereito universal á saúde e a unha sanidade digna, por iso quere facer que a saúde e os medicamentos estean ao alcance de todas as persoas.

Os obxectivos que persegue son:

- Garantir o acceso aos medicamentos esenciais, promover o seu uso racional e as doazóns axeitadas seguindo as recomendacións da OMS.
- Levar a cabo proxectos de desenvolvemento integral no eido da saúde.
- Dar a coñecer a realidade diaria de miles de persoas e as causas das súas carencias en materia sanitaria.
- Asesorar a outras organizacións e entidades sobre o acceso aos medicamentos esenciais.
- Protección ao medio ambiente centrada na repercusión dos medicamentos no mesmo.

24

Farmacéuticos Mundi traballa en cinco grandes liñas de actuación:

- Acceso a medicamentos esenciais. Facilita o acceso económico e xeográfico de medicamentos esenciais e de calidade
- Educación para a saúde. Mellora o coñecemento das comunidades sobre a prevención e o tratamento de enfermidades coma o VIH-SIDA, enfermidades de transmisión sexual, saúde reprodutiva e a saúde comunitaria en xeral.
- Promoción do uso racional dos medicamentos. Informa a prescrites/as e consumidores sobre a utilización e o consumo racional dos medicamentos e traballa no control da promoción comercial de fármacos.
- Creación e dotación de infraestruturas sanitarias. Asume compromiso a longo prazo colaborando, asesorando e buscando recursos para dotar ás infraestruturas sanitarias dos elementos necesarios para o seu óptimo funcionamento.
- Acción humanitaria e de emerxencia. Facilita medicamentos esenciais e material sanitario en forma de kits de emerxencia e segundo as necesidades dos receptores en catástrofes, crises humanitarias, conflitos bélicos ou situacións endémicas de carencia.

■ CHARLAS SOBRE A CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN “MEDICAMENTOS QUE NON CURAN”

- Sensibilizar e informar á poboación galega en xeral, e á xuventude galega en particular, sobre a problemática das doazóns inadecuadas de medicamentos ós países empobrecidos e a súa relación co uso racional do medicamento, ademáis do problema do acceso a medicamentos esenciais da poboación de países do Sur.
- As charlas terán unha duración dunha hora e media nas que se proxectará un CD explicativo da campaña e posteriormente levaráse a cabo cos alumnos unha dinámica que pretende, dun xeito ameno, que se entenda a problemática do acceso aos medicamentos nos países en vías de desenvolvemento.
- Aos alumnos fáiselles entrega dunha carpeta na que se incluírá un dossier, un tríptico e un CD (con tres xogos interactivos) explicativos da campaña. Aos profesores e colexios entregaráselles un dossier pedagóxico no que se explica a campaña, a dinámica a realizar e o CD da campaña.

Destinatarios: estudantes de Secundaria

Orzamento: 75 euros en concepto de remuneración ao relator da charla e gastos de desprazamento. Os materiais para o alumnado e o profesorado son gratuítos.

25

■ CHARLAS SOBRE A CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN “A SAÚDE NO MILENIO: UNHA SINATURA PENDENTE”

- A campaña quere dar a coñecer a problemática da saúde nos países en vías de desenvolvemento e, moi especialmente, o papel dos “Obxectivos do Milenio” na erradicación das mortes evitables. Informar e sensibilizar á sociedade galega en xeral, e á xuventude galega en particular, sobre os “Obxectivos do Milenio”, a saúde nos PVD e a súa capacidade de acción para cumprir os Obxectivos do Milenio.
- As charlas terán unha duración dunha hora onde se proxectará un CD explicativo da campaña e posteriormente levarase a cabo unha charla-coloquio cos alumnos onde se debaterán solucións e informarase aos mozos das accións que podemos levar a cabo para acadar a consecución dos “Obxectivos de desenvolvemento do Milenio”.

- Aos alumnos fái selles entrega dun dossier e un tríptico explicativos da campaña.

Destinatarios: estudantes de secundaria e mozos galegos de 12 a 18 anos.

Orzamento: 75 euros en concepto de remuneración ao relator da charla e o custe de desprazamento. Os materiais para o alumnado e profesorado son gratuítos.



SEDE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Centro Traballo e Cultura

Rúa de San Roque, 6-bis

15704 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 576 142

Correo electrónico: foroimmigracionsantiago@yahoo.es



O Foro de Inmigración de Santiago comezou a súa andaina en setembro de 2002 e é froito da asociación de diversas entidades preocupadas polo tratamento que se lle achega ás persoas inmigrantes na sociedade de acollida.

A toma de decisións é asemblearia. Mediante dúas reunións mensuais (unha de membros da permanente rotatoria e outra plenaria) imos vendo como progresan os distintos proxectos e accións postas en marcha.

Educación e cultura, concienciación social e reivindicación política, asistencia humanitaria e administrativa son algúns dos eixes temáticos que conforman o ideario común para avanzar cara unha sociedade intercultural.

RECURSOS DIDÁCTICOS DISPONIBLES

■ CAMPAÑAS EDUCATIVAS “EN CADA ROSTRO IGUALDADE” E “XUNT@S”

Especialmente pensadas para o alumnado de Educación Primaria (2º e 3º ciclo), ESO (3º e 4º) e Bacharelato dos centros de ensino de Compostela, forman parte do plan de sensibilización acerca da realidade do inmigrante.

Preténdese incidir no campo social e educativo mediante o coñecemento das situacións dos e das inmigrantes e o contacto con eles, creando espazos para a interculturalidade co fin de eliminar prexuízos e estereotipos, así como potenciar a convivencia e o intercambio.

FUNDACIÓN ROKPA

SEDE EN GALICIA

Rúa Igrexa, 14 – Bendoiro

36500 Lalín – Pontevedra

Tfno.: 696 972 727

Páxina web: <http://www.rokpa.org>

Correo electrónico: lbrt10@yahoo.es



Rokpa é unha organización benéfica mundial que traballa para mellorar a calidade de vida do mundo en vías de desenvolvemento e do desenvolvido.

O seu labor fundamental desenvólvese no Tíbet e Nepal.



Rúa dos Trueques, 1-2ª
15703 Santiago de Compostela
Tfno.: 637 851 305 – 981 556 523
Fax: 981 556 523
Páxina web: <http://www.pazydesarrollo.org>
Correo electrónico: galicia@pazydesarrollo.org



Paz y Desarrollo naceu como ONGD en 1991 despois de realizar un labor en Comités de Solidariedade cara aos pobos de América Latina. Desde entón téñense levado a cabo multitude de proxectos de Cooperación Internacional e de Axuda Humanitaria en países como Bolivia, Cuba, Marrocos, Paraguai, El Salvador, Guatemala, Nicaragua, Ecuador, Senegal, Timor, Vietnam, Guinea Bissau ou Senegal. O 28 de maio de 2003 foi declarada “Institución de Utilidade Pública” polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Agencia Española de Cooperación Internacional acreditouna como ONGD calificada en resolución do 28 de outubro de 2005.

RECURSOS DIDÁCTICOS DISPONIBLES

29

■ EXPOSICIÓN

- Globalización da Economía (secundaria)
- Globalización laboral (secundaria)
- Vulnerabilidade de Centroamérica (secundaria)
- Imaxes de Solidaridade (Paneis) (primaria e secundaria)
- Imaxes de Solidaridade (Fotografías) (Primaria e secundaria)
- ODM (secundaria)

■ DISTRIBUCIÓN DE MATERIAIS EDUCATIVOS NOS CENTROS DE ENSINO, previa solicitude:

- **UNIDADES DIDÁCTICAS:** visiones del sur; vulnerabilidad de Centroamérica; Globalización laboral; globalización de la economía; pequeñas opiniones, grandes cambios y tú, como lo ves?; solidaridad en la escuela.
- **MATERIAL FORMATIVO:** La caña de Guadua; ecosistema; Nicaragua, una realidad cercana; Cuidemos el agua y el medio ambiente; Pasos para el desarrollo; Centro de educación integral; Bolivia.
- **MATERIAL DIDÁCTICO:** Imágenes de solidaridad; Paraguay una realidad cercana; Senegal construyendo un futuro de salud.
- **Otros materiais:** cadernos de traballo e guías informativas.

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO

SEDE EN PONTEVEDRA

Rúa Romil, 100-3ºB

36211 Vigo – Pontevedra

Tfno.: 655 104 179

Páxina web: <http://www.implicadas.org>

Correo electrónico: info@implicadas.org



Implicadas/os no desenvolvemento (IND) é unha Organización Non Governamental (ONG) de desenvolvemento apartidaria e aconfesional que actúa en Galicia para apoiar proxectos de desenvolvemento integral no sur da India e Etiopía, que se atopan entre as zonas máis pobres do mundo.

Estes proxectos teñen como obxectivos:

- Apoiar ás comunidades para que poidan mellorar a súa situación de miseria a través de formación e capacitación.
- Facilitar o acceso á educación.
- Mellorar as condicións sanitarias e alimenticias da poboación.
- Conseguir unha implicación directa de toda a comunidade a través dunha eficaz organización comunitaria que poña énfase na promoción da muller a todos os niveis.

IND financia dende 1998 proxectos de organizacións locais e promove a cooperación e a solidariedade cos problemas das poboacións máis desfavorecidas do sur da India e Etiopía.



SEDE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Praza do Matadoiro, 7-baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 587 966 Fax: 981 584 044

Páxina web: <http://www.intered.org/igualdadexenero>

Correo electrónico: galicia@intered.org



InteRed é unha ONG de Desenvolvemento promovida pola Institución Teresiana para impulsar, dende a sociedade civil, unha Rede de Intercambio e Solidariedade entre grupos sociais, pobos e culturas. Ten como finalidade: colaborar na transformación da realidade socioeconómica actual xeradora de inxustiza e traballar contra a pobreza, as desigualdades e a exclusión, mediante procesos socioeducativos desde un enfoque de Dereitos Humanos e de xénero.

RECURSOS DIDÁCTICOS DISPONIBLES

■ CAMPAÑA “IGUALDADE PARA O DESENVOLVEMENTO. SE A MULLER AVANZA, O MUNDO TAMÉN”.

Difusión dos materiais da campaña, previa solicitude.

Destinatarios: profesorado dos centros de ensino do concello.

■ DISTRIBUCIÓN DE MATERIAIS EDUCATIVOS NOS CENTROS DE ENSINO, previa solicitude:

- Titicachi
- Honavar
- Coas mulleres avanza o mundo
- A muller na casa, o home na rúa
- Estranxeiras

SEDE EN GALICIA

Rúa Santa Catalina, 16-20-1º. Locais B-C

15003 A Coruña

Tfno.: 981 212 678 Fax: 981 212 884

Páxina web: <http://www.intermonoxfam.org>

Correo electrónico: coruna@intermonoxfam.org



**Intermón
Oxfam**

Formamos Intermón Oxfam persoas que, coma ti, cremos que entre todos podemos cambiar o mundo e decidimos actuar para facer que sexa un lugar máis xusto, solidario e en paz. A mellor maneira de axudar ás persoas dos países máis pobres é que poidan valerse por sí mesmas. Para iso, actuamos dunha maneira integral: cooperamos en máis de 500 programas de desenvolvemento en cincuenta países de África, América e Asia, actuamos en emerxencias, fomentamos o comercio xusto e promovemos campañas de sensibilización e mobilización social.

RECURSOS DIDÁCTICOS DISPONIBLES

32 ■ PROPOSTA DIDÁCTICA: AUGA E DESENVOLVEMENTO

A auga é un recurso natural limitado pero renovable que necesitamos para vivir. O estado de pobreza de moitas persoas comeza co acceso ou non á auga potable. Sen auga limpa non podemos ter boa saúde.

Obxectivo

- Analizar o consumo de auga, introducir os conceptos de auga potable, escaseza de auga e orientar aos nenos/as cara ao aforro deste recurso.

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

■ MONOGRÁFICOS

Unha vacina contra a pobreza

Este monográfico ten por obxectivo reflexionar sobre o concepto de saúde, un dereito fundamental ao que só ten acceso unha determinada porcentaxe da poboación mundial. Pretende traballar todos aqueles aspectos relacionados coa saúde que forman parte da vida cotiá do noso alumnado: alimentación, enfermidades, acceso a medicamentos, medio ambiente...

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil, Primaria e Secundaria

En busca da igualdade

Neste monográfico trátase o tema da igualdade de oportunidades, centrándose naqueles aspectos nos que aínda persisten as desigualdades entre homes e mulleres. Os materiais abarcan desde a realidade máis inmediata do alumnado, pasando pola familia e a escola, ata a presentación das realidades lonxanas nas que se constatan situacións semellantes de discriminación e desigualdade de oportunidades.

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

Servizos básicos para todos

Este monográfico ten como base a Declaración dos Dereitos Humanos. O material axuda a tomar conciencia do dereito que ten toda persoa á alimentación, á saúde e a descubrir como a inxusta distribución dos recursos nega a millóns de persoas participar destes dereitos. Co fin de potenciar o interese do alumnado, fanse continuas referencias ás vivencias da súa realidade máis próxima, provocando a empatía do alumnado coa realidade, na que todos estamos implicados, fomentando a conciencia dunha cidadanía global xusta e comprometida.

■ GLOBAL EXPRESS

É unha ferramenta para traballar temas e acontecementos de dimensión global. Consta dunha proposta didáctica, con orientacións para o profesorado e información de contexto sobre o tema. Global Express pretende xerar preguntas entre os alumnos e as alumnas das nosas escolas sobre o que contan os medios de comunicación. Trátase de promover unha visión crítica da realidade que lles permita comprender o estado do mundo.

33

■ ¡VIAJE CON NOSOUTROS... SE QUERE GOZAR!

Esta proposta didáctica está dirixida ao alumnado da Secundaria. As actividades poden ser útiles para a área de sociais, ética, titorías, etc., e para calquer docente interesado no tema. Os obxectivos desta proposta son analizar o impacto do modelo turístico dominante, especialmente nos países empobrecidos, e reflexionar sobre a nosa responsabilidade como turistas.

■ ¿SALVARANOS KIOTO?

As actividades poden ser útiles para a área de sociais, ética, titorías, etc., e tamén para calquer docente interesado no tema. O obxectivo é reflexionar sobre o contido do Protocolo de Kioto, e, especialmente, con relación á súa influencia sobre as poboacións máis vulnerables.

Destinatarios: alumnado de Educación Secundaria

■ XOGOS OLÍMPICOS: CITIUS, ALTIUS, FORTIUS

As actividades propostas neste monográfico poden ser útiles para a área de sociais, ética, titorías, etc., e tamén para calquera docente interesado no tema. O obxectivo non é cuestionar os Xogos Olímpicos, senón as consecuencias que a distorsión do deporte como negocio-espectáculo pode facer con eles.

Destinatarios: alumnado de Educación Secundaria

■ DISTRIBUCIÓN DE MATERIAIS EDUCATIVOS (VÍDEOS E DVD) NOS CENTROS DE ENSINO, previa solicitude:

"Nenas e nenos do Mundo". A partir dunha serie de historias e imaxes coñeceremos a vida, os soños, as tradicións, pero tamén os problemas que teñen os nenos e nenas doutros países do mundo.

"30 de decembro". A historia de Baba e Alicia permite ao alumnado tomar un primeiro contacto coa problemática da pobreza a través da satisfacción das necesidades básicas esenciais, as causas da pobreza e todas as súas dimensións, a capacidade de empatía para afrontar formas de superar os obstáculos ou a corresponsabilidade...

Duración: 21'

Fora de control. Fronte á cultura da violencia, este DVD pretende provocar o diálogo e a reflexión a favor da resolución pacífica dos conflitos. As historias de o muro, o osiño e o bambán, de maneira simbólica, nos levan a cuestionar a realidade desde a cultura da paz. Inclúe vídeoclip cantado por Beth e Kiko Veneno.

Duración: 20'

JÓVENES DEL TERCER MUNDO

SEDE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa Calzada de San Pedro, 16
15703 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 582 455 Fax: 981 552 512

Páxina Web 1: <http://www.ventanalmundo.com>

Páxina Web 2: <http://www.jovenestercermundo.org>

Correo electrónico: jtm.galicia@jovenestercermundo.org



Jóvenes del Tercer Mundo (JTM) é unha ONG para o Desenvolvemento comprometida coa educación dos xóvenes dos países menos favorecidos, a través de proxectos de cooperación, a promoción do voluntariado e a sensibilización e a educación para o desenvolvemento.

As áreas de actuación máis características son a Formación Profesional, en todas as súas modalidades, e os nenos e nenas da rúa.

Traballamos arredor de catro liñas de acción:

- Cooperación técnica, económica e financeira nos países en vías de desenvolvemento.
- Axuda humanitaria e programas de reconstrución nas poboacións afectadas por situacións catastróficas.
- Promoción do voluntariado como compromiso persoal coa poboación dos países menos favorecidos.
- Sensibilización e educación para o desenvolvemento da poboación española promovendo valores e actitudes cara un cambio social baseado en criterios de xustiza, paz, equidade, participación, solidariedade e respecto ao medio ambiente.

MANS UNIDAS

SEDE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa do Vilar, 18

15705 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 584 966 Fax: 981 585 339

Páxina Web: <http://www.manosunidas.org>

Correo Electrónico: santiago@manosunidas.org



Esta Organización traballa en proxectos de desenvolvemento para o terceiro mundo e proxectos de sensibilización en colexios e outras institucións educativas, facendo chegar aos máis novos, as dificultades que pasan as citadas poboacións.

Colaboramos e organizamos campañas de recollida de fondos para proxectos concretos de desenvolvemento de poboacións do terceiro mundo. Tamén na organización de cursos de sensibilización, exposicións e distribúe materiais educativos en centros de ensino, previa solicitude.



SEDE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa Eduardo Pondal, 2-baixo

15702 Santiago de Compostela

Tfno./Fax: 981 578 182

Páxina web: <http://www.medicosdelmundo.org>

Correo electrónico: galicia@medicosdelmundo.org



Traballamos en proxectos de cooperación internacional e no noso propio ámbito, axudando ás poboacións máis vulnerables mediante proxectos de saúde, asistíndoos en urxencias, denunciando a inxustiza social e contribuíndo a implantar unha cultura de solidariedade. As nosas actuacións céntranse en:

- **ACCIÓN HUMANITARIA.** Actuamos con carácter urxente naqueles lugares afectados repentinamente pola guerra, a enfermidade e as catástrofes naturais.
- **COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO.** En 29 países levamos a cabo proxectos a longo prazo que pretenden integrarse na estrutura sanitaria básica das rexións para sentar as bases dun desenvolvemento máis amplo.
- **EXCLUSIÓN SOCIAL.** En España atendemos ás poboacións en situación de exclusión social (inmigrantes sen papeis, persoas que exercen a prostitución ou persoas usuarias de drogas) mediante unidades móbiles e centros de atención sanitaria.
- **SENSIBILIZACIÓN E DENUNCIA.** Desenvolvemos proxectos de sensibilización, educación para o desenvolvemento e denuncia para concienciar á poboación sobre as situacións de inxustiza que sofren as persoas máis desfavorecidas do planeta

MÉDICOS SEN FRONTEIRAS

DELEGACIÓN NOROESTE (Asturias, Galicia e León)

Avda. Bilbao, 26-2ºE

15706 Santiago de Compostela

Tfno.: 629 187 005

Páxina web: www.msf.es

Correo electrónico: msf-noroeste@barcelona.msf.org



Médicos Sen Fronteiras é unha organización internacional médocohumanitaria que achega a súa axuda a poboacións en situación precaria e a vítimas de catástrofes de orixe natural ou humano e de conflitos armados.

Cada ano, MSF envía ao terreo a máis de 3.000 profesionais, que colaboran con 15.000 traballadores locais, eles tamén contratados por MSF. Conta actualmente cuns 500 proxectos de acción médica e humanitaria en máis de 75 países, e 3 millóns de socios e colaboradores en todo o mundo, dos cales máis de 330.000 son españois.

38

A asistencia médica e humanitaria de MSF baséase nun claro compromiso coas poboacións. A organización entra en acción ante situacións que poñen en perigo a saúde ou a supervivencia de poboacións que se atopan desatendidas:

- Vítimas da violencia e o desprazamento. Intervencións destinadas a atenuar o sufrimento das poboacións cuxa integridade vese violada ou ameazada.
- Poboacións e enfermidades esquecidas. Intervencións destinadas a mellorar a situación de poboacións afectadas por políticas ou prácticas que poñen a súa vida en perigo, incluíndo a falta de acceso a tratamentos médicos axeitados.
- Vítimas de epidemias, da fame e catástrofes naturais. Intervencións destinadas a paliar o deterioro brusco das condicións médocohumanitarias das poboacións afectadas.

RECURSOS DIDÁCTICOS DISPONIBLES

- Película “Invisibles”, formada por 5 curtas sobre as crises humanas esquecidas (conflitos de Colombia, República Democrática do Congo , Uganda e as enfermidades).

Destinatarios: centros de ensino de Educación Primaria e Secundaria

Asociación ONG Mi Perú
Rúa Santiago del Estero 7, 5ºE
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 652 844 224 - 605 346 226
Páxina web: <http://www.ongmiperu.com>
Correo electrónico: miperu_ong@yahoo.es



A ONG Mi Perú é unha organización sen ánimo de lucro creada no ano 2003 en Santiago de Compostela por 3 estudantes da USC. O seu obxectivo principal é facilitar e fomentar a escolarización de nenos e nenas de países en vías de desenvolvemento mediante un sistema de bolsas de estudos e impedir, deste xeito, que abandonen a escola por falta de recursos económicos para comezar a traballar cando aínda son cativos.

Mi Perú é o nome dun asentamento humano situado a 30 quilómetros ao norte de Lima, onde hai case 5 anos, comezou o labor desta ONG galega. Aquí, a *ONG Mi Perú* tamén financia unha gardería social para os máis cativos chamada *Centro Nanette* e ten levado a cabo varios proxectos encamiñados todos eles á mellora da calidade de vida das familias máis pobres.

Actualmente a *ONG Mi Perú* está en fase de expansión a outros países. Conta con numerosos socios distribuídos por todo o territorio español e con 7 voluntarios, que de xeito desinteresado, fan posible esta realidade.

RECURSOS DIDÁCTICOS DISPONIBLES

■ EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA “SORRISOS DE MI PERÚ”

É un conxunto de 18 fotografías acompañadas de texto que mostran como naceu a ONG Mi Perú no ano 2003 e en que consiste o seu labor.

Destinatarios: centros de Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

Datas: concretaranse cos centros de ensino.

Materiais necesarios: paredes ou soportes para colgar as fotografías e sistemas para suxeitar os marcos.

■ CHARLA FORMATIVA SOBRE COMO É A VIDA DOS NENOS/AS NOS PAÍSES NOS QUE TRABALLA A ONG E O LABOR DESTA

Destinatarios: centros de Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

Datas: concretaranse cos centros de ensino.

Materiais necesarios: ordenador portátil e canón para facer a presentación e unha pantalla na que proxectar as imaxes.

PANXEA ASOCIACIÓN PARA O COMERCIO XUSTO E SOLIDARIO

SEDE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa Gómez Ulla, 4

15705 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 580 091

Páxina web: <http://www.panxea.org>

Correo electrónico: panxea@panxea.org



Panxea leva máis dunha década promovendo o comercio xusto e solidario en Santiago.

Na tenda situada na Rúa Gómez Ulla, moi preto da Praza de Galicia, atoparás produtos de tódolos continentes: dende café de Nicaragua ata chocolate de Ghana, pasando polo mel galego, e unha ampla variedade de artigos de papelería, agricultura ecolóxica téxtil, artesanía e agricultura biolóxica. Todos eles producidos baixo os principios do Comercio Xusto.

40

Panxea difunde o Comercio Xusto e Consumo Responsable mediante charlas e exposicións en colexios e asociacións.

A tenda abre de luns a venres de 10:30 a 14:00, e de 17:00 a 20:30. Os sábados ás 14:00.

Se queres colaborar con Panxea podes pasar pola reunión aberta que se celebra tódolos mércores ás 20:30 no local da Asociación.

FAN POSIBLE O PROXECTO DE PANXEA

- O traballo dos pequenos produtores, tanto nos países empobrecidos como aquí.
- O labor das organizacións importadoras.
- O consumo responsable dos clientes.
- A colaboración de socios e amigos na difusión do Comercio Xusto.
- A colaboración de socios e amigos no funcionamento diario da tenda.

Ti tamén podes contribuír ao Comercio Xusto, contamos contigo

SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ

SEDE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa do Valiño, 13-1º

15703 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 554 053 Fax: 981 561 956

Páxina Web: <http://www.sgep.org>

Correo electrónico: paz@sgep.org



SEMINARIO GALEGO DE
EDUCACIÓN PARA A PAZ
Fundación Cultura de Paz

O SGEP naceu en 1985 como entidade centrada na educación para a paz, na formación do profesorado e na aportación de publicacións e material didáctico para facer realidade, na vida e na sociedade, os valores de Cultura de Paz.

RECURSOS DIDÁCTICOS DISPONIBLES

■ CHARLAS SOBRE CULTURA DE PAZ

- Descrición da actividade: charla ao alumnado sobre cultura de paz: orixe, significado e características
- Destinatarios: alumnado de Educación Primaria e Secundaria
- Duración: 1 hora
- Orzamento: 50 euros

■ CHARLA SOBRE CONVIVENCIA E CONFLICTO

- Descrición da actividade: dinámicas de resolución de conflitos.
- Destinatarios: alumnado de Educación Primaria e Secundaria
- Duración: 1 hora
- Orzamento: 50 euros

■ CINEFORO

- Descrición da actividade: sesión de cineforo sobre educación intercultural; película e comentario.
- Destinatarios: alumnado de Educación Primaria e Secundaria
- Duración: 3 horas
- Orzamento: 50 euros por hora

■ OBRADOIRO PARA PROFESORADO SOBRE CONFLICTOS E CONVIVENCIA

- Descrición da actividade: obradoiro sobre conflitos e convivencia, mediación e resolución pacífica de conflitos.
- Destinatarios: profesorado de Educación Primaria e Secundaria
- Duración: dúas sesións de tres horas
- Orzamento: 50 euros por hora

SEDE EN GALICIA

Rúa San Marcos, 51

15318 Abegongo – A Coruña

Tfños.: 981 669 223 – 600 322 944

Páxina web: <http://www.tierradehombres.org>

Correo electrónico: deleg.galicia@tierradehombres.org



Tierra de
hombres

Terra de homes é unha fundación sen ánimo de lucro que forma parte da federación internacional *Tere des homes* (FITDH), a segunda agrupación mundial de ONGD de atención á infancia e organismo consultivo do consello económico e social de Nacións Unidas, de UNICEF e do Consello de Europa.

Xestiona máis de cen proxectos de cooperación entre os que destaca AME (Atención Médicas Especializadas) e Viaxe hacia á Vida:


- *AME* é un programa de asistencia médica para menores, que Terra de Homes leva a cabo en distintos países africanos, no que se inclúe prevención, tratamento e educación para a saúde.

42

Nagunhas ocasións a enfermidade dos pequenos precisa dunha tecnoloxía da que carecen no seu país de orixe. Esta necesidade deu lugar ó nacemento en 1994 en España do proxecto *Viaxe hacia á Vida*, que Terra de Homes leva a cabo coa colaboración altruista de diversos Centros Hospitalarios Nacionais, entre eles o Hospital Materno Infantil Teresa Herrera na Coruña. Neste centro lévanse a cabo intervención en nenos e nenas procedentes dalgún país africano, con algunha patoloxía cardíaca.

- *Viaxe hacia á Vida* é o compromiso constante de médicos, voluntarios, hospitais e familias de acollida, empresas e institucións que forman parte dunha gran cadea solidaria. Un compromiso solidario coa vida e o futuro de centenas de nenos e nenas. O noso obxectivo é posibilitar que moitos mais nenos poidan ser operados no noso país. Porque aínda moitos esperan en países de África o poder viaxar hacia unha nova vida.

INFORMACIÓN E SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES



Para poder participar nas actividades é necesario enviar a ficha de solicitude de participación das actividades do Departamento de Educación e Xuventude por fax ou correo electrónico:




Departamento de Educación e Xuventude.
Rúa do Vilar, nº 13, 1º andar.



Tfnos: 981 554 400 - 554 401. Fax: 981 571 511



Correo electrónico:
dptoeducacion@santiagodecompostela.org



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellaría de Educación

Concellaría de Educación

Tfnos.: 981 554 400 / 554 401

Fax: 981 571 511

dptoeducacion@santiagodecompostela.org

www.santiagodecompostela.org



EDUCATING CITIES
CIUDADES EDUCADORAS
VILLES EDUCATRICES

santiago, cidade educadora